



FEDERACIÓN GALLEGA DE TENIS  
FOTÓGRAFO LUIS KSADO, 17 BAJO  
OFICINA 1 - 36209 VIGO  
TELÉFONO: 986 21 29 82  
G15102767



### *Artigo 30. Do voto por correo.*

1. Unicamente se admitirá o voto por correo nas votacións para membros da Asemblea Xeral naqueles estamentos integrados por persoas físicas.
2. En ningún caso as persoas electoras que solicitaran o exercicio do dereito a voto por correo poderá emitir o voto de forma presencial.
3. As persoas electoras poderán emitir o seu voto por correo, de conformidade co seguinte procedemento:
  - a) A persoa electora solicitará por escrito o seu dereito ao voto por correo á xunta electoral interesando a súa inclusión no censo especial de voto por correo. Dita solicitude deberá realizarse a partir do día seguinte ao da convocatoria das eleccións e ata cinco días despois da publicación do censo definitivo, cumprimentando o documento normalizado que se axustará o anexo do presente regulamento electoral. Diariamente a xunta electoral remitirá electrónicamente á Secretaría Xeral para o Deporte un listado nominal coas solicitudes de voto por correo solicitadas o día anterior. Non poderán incluírse no censo de persoas con dereito a exercer o voto por correo aqueles electores que non figurasen nos listados nominais, incluído o listado do último día de prazo para solicitálo remitido á Secretaría Xeral para o Deporte.
  - b) A solicitude presentárase persoalmente, exhibindo o DNI, pasaporte ou autorización de residencia ante a secretaría da Federación Galega de Tenis na súa sede, e que deberá trasladala solicitude á xunta electoral
  - c) No caso de enfermidade ou incapacidade que impida a presentación persoal da solicitude, deberá acreditarse tal extremo mediante certificado médico e poderá ser exercido ese dereito en nome da persoa electora mediante representación autorizada notarialmente e por documento que se estenderá individualmente en relación con cada persoa electora e sen que no mesmo poida incluírse a varias persoas electoras, non podendo unha persoa representar a máis dun elector. Nestes casos, a xunta electoral comprobará, en cada caso, a concorrencia das circunstancias ás que se refire este apartado.
  - d) Recibida a solicitude, a xunta electoral comprobará a inscrición da persoa solicitante no censo electoral.
  - e) O censo de persoas autorizadas para o exercicio do voto por correo deberase remitir á Secretaría Xeral para Deporte, e publicarase ademais na páxina web da federación e no taboleiro de anuncios da mesma.
  - f) A xunta electoral enviará á persoa electora por correo certificado dous sobres electorais (sobre 1, “de votación” e sobre 2) e as papeletas de todas as candidaturas, así como un certificado orixinal autorizando o voto por correo, ao domicilio indicado na súa solicitude ou no seu defecto ao que figure no censo.
  - g) A presentación dos votos poderá realizarse en calquera das oficinas de correos con seis días hábiles de antelación á data da realización das eleccións presenciais. Non serán admitidos os sobres depositados con



**FEDERACIÓN GALLEGA DE TENIS**  
FOTÓGRAFO LUIS KSADO,17 BAJO  
OFICINA 1 - 36209 VIGO  
TELÉFONO: 986 21 29 82  
G15102767



data posterior, debendo indicar no enderezo que vai dirixido á Secretaria Xeral para o Deporte que custodiará esta documentación ata o día da votación.

h)A persoa electora introducirá a papeleta no sobre 1 da votación do estamento a que pertenza. Posteriormente, unha vez na oficina de Correos, exhibirá a súa identificación e o certificado. O funcionario de correos procederá de conformidade coas instrucións que figuran no sobre e selará o certificado. Unha vez feito isto, o sobre coa votación introdúcese dentro do sobre 2 que vai dirixido á mesa electoral, xunto coa certificación federativa selada e que autoriza o voto por correo.e pecharase, sendo selado polo funcionario de correos e entregado nesa oficina

Non serán admitidos os sobres depositados con data posterior, debendo indicar no enderezo que vai dirixido á Secretaria Xeral para o Deporte que custodiará esta documentación ata o día da votación.

4. O prazo límite para recibir os votos por correo finalizará vinte e catro horas antes das votacións presenciais.

5. O sobre que remitirá á Secretaría Xeral para o Deporte para a súa custodia, por correo, consignándose no anverso e reverso do mesmo os seguintes datos:

No ANVERSO

parte superior esquerda:

“ELECCIÓNS Á ASEMBLEA XERAL DA FEDERACIÓN GALEGA DE...

SOBRE DE REMISIÓN DO VOTO POR CORREO

CERTIFICADO

Empregado/a de Correos:

Valide a identidade da persoa electora por medio de DNI, Pasaporte ou outro documento acreditativo da identidade.

Incluase no presente sobre:

-Sobre de votación pechado

-Certificado orixinal autorizando o voto por correo, previa estampación do selo de datas.

Estampe o selo de datas no anverso deste sobre”



**FEDERACIÓN GALLEGA DE TENIS**  
 FOTÓGRAFO LUIS KSADO,17 BAJO  
 OFICINA 1 - 36209 VIGO  
 TELÉFONO: 986 21 29 82  
 G15102767



Na parte inferior dereita do anverso, tamén deberá figurar o destinatario:

“SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE

APARTADO DE CORREOS(o que se indique para cada Federación)

Código Postal 15.704

Santiago de Compostela, Sucursal 2”

Por último, na parte superior dereita do anverso do sobre deberá figurar unha casilla que indique “Franqueo Pagado” , Número de cliente: 81024374 e número de contrato: 15000238, así como o escudo de cada federación galega.

No reverso deberá constar:

Nome:.....

Apelidos:.....

Estamento de .....

Circunscrición:.....

Especialidade de (no seu caso) .....

Deportista de alto nivel .....



6. O elector que solicitara o voto por correo e este no listado do mesmo, non figurará no listado para realizar o voto presencial, non podendo realizar este, unicamente o de correo.

- Escrutinio do voto por correo.

1. Constituída a mesa, nas condicións establecidas neste regulamento, o presidente procederá ao desprecintado das sacas e procederase á comprobación da correspondencia entre os sobres e o censo electoral.

2. Unha vez comprobado, os membros da mesa procederán a abrir o sobre principal e a clasificar os sobres por estamentos, procedendo o presidente de seguido a introducilos na urna correspondente.

3. Unha vez finaliza a introdución dos sobres nas urnas, comezará inmediatamente o escrutinio, función que corresponde exclusivamente á mesa electoral.